



Resolución da Dirección Xeral de Xustiza sobre o goce das vacacións e permisos por asuntos particulares correspondentes ao ano 2025 do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia

O artigo 503.1 da Lei Orgánica do Poder Xudicial reconece aos funcionarios dos Corpos Xerais e Especiais da Administración de Xustiza o dereito a iguais permisos e coa mesma extensión que os establecidos na normativa vixente aplicable ao persoal funcionario da Administración Xeral do Estado, con excepción do permiso por asuntos particulares que terá unha duración de nove días.

Neste ano 2025, o desenvolvemento da Nova Oficina Xudicial, condiciona a planificación dos días de vacacións e asuntos particulares pendentes de gozar. Así o teñen solicitado varias organizacións sindicais en Mesa Sectorial, polo que oídas as organizacións sindicais,

ACORDO:

Ampliar o período de goce ata o **31 de marzo de 2026 das vacacións e días de permiso por asuntos particulares correspondentes ao ano 2025** para a totalidade do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia.

José Tronchoni Albert
Director Xeral de Xustiza

